



SOLICITUDE DE FRACCIONAMENTO/APRAZAMENTO

Para o pago de débedas de ata 30.000 euros xestionadas polo Servizo de Tesourería do Excmo. Concello de Ribeira

(1) TIPO DE SOLICITUDE (escolla a opción que corresponda):

APRAZAMENTO ATA A DATA DD/MM/AA
 FRACCIONAMENTO DE PAGO DE DÉBEDAS EN FRACCIÓNS MENSUAIS*

* O número de fraccións non poderá superar a sinalada coma máxima no apartado F) das Instrucións.

(2) DATOS DO DEBEDOR E CONTA BANCARIA (campos obrigatorios):

(a)
 APELIDOS, NOME, OU DENOMINACIÓN SOCIAL: N.I.F.:
 APELIDOS, NOME DO REPRESENTANTE: N.I.F.:
 (no seu caso)
DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS:
 AVENIDA/RÚA/LUGAR:
 NÚMERO: ESCALEIRA: BLOQUE: PISO: PORTA:
 MUNICIPIO: PROVINCIA: CÓDIGO POSTAL:
 TELÉFONO/S: CORREO ELECTRÓNICO:
DESEXO SER NOTIFICADO DE XEITO TELEMÁTICO :
 (Obrigatorio para as persoas xurídicas e demais entes sinalados no artigo 14.2 da lei 39/2015)
(b) N° DE CONTA IBAN DE CARGO (vinte catro díxitos)*
 *Deberá ser de titularidade obrigatoria do debedor. Soamente se admitirán contas abertas en: Banco Sabadell, Caixabank, BBVA, Abanca e Banco Santander

(3) IDENTIFICACIÓN DAS DÉBEDAS (campo obrigatorio)

NOME DO TRIBUTU/PREZO PÚBLICO	N° EXPEDIENTE/RECIBO/LIQUIDACIÓN	IMPORTE PRINCIPAL
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

(4) DOCUMENTACIÓN APORTADA (marcar a documentación aportada)

CERTIFICADO BANCARIO DE TITULARIDADE DE NÚMERO DE CONTA (b) (obrigatorio)
 COMPROMISO ASINADO POLA ENTIDADE QUE PRESTARÁ A GARANTÍA EN FORMA DE AVAL OU SEGURO DE CAUCIÓN
 (obrigatorio para débedas por contía superior a 12.000 euros ou 2.000 euros no caso de incumprimento de plans de pago de outros fraccionamentos ou aprazamentos concedidos previamente por este concello)
 ACREDITACIÓN DA REPRESENTACIÓN OUTRA ADICIONAL:

Pola presente o abaixo asinante (a) , DECLARA:

- 1º) Que teño dificultades económico-financeiras que de forma transitoria no momento actual me impiden efectuar o pago das débedas sinaladas (3) no prazo establecido.
- 2º) Que son titular e teño plena capacidade para autorizar pagos e domiciliacións na conta bancaria indicada (b) polos importes que se deriven dos aprazamentos/fraccionamentos das débedas (3), sen necesidade de autorización por parte de outros titulares ou terceiros.
- 3º) Que autorizo ao concello de Ribeira a proceder ao cargo das contías derivadas da concesión do aprazamento/fraccionamento solicitado das débedas sinaladas (3), na conta bancaria indicada (b) de xeito periódico segundo o disposto na Ordenanza fiscal xeral do concello de Ribeira e o acordo de concesión.

Por todo o anterior, **SOLICITO: a concesión do aprazamento/fraccionamento (1) segundo as condicións previstas na Ordenanza fiscal xeral do concello de Ribeira**

Sinatura do debedor ou o seu representante (a):

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA

A sinatura deste documento supón a autorización ao concello de Ribeira co NIF P1507400H a recollida e tratamento dos datos que figuran no apartado (2) de conformidade coa Lei 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais, e Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos. O asinante poderá exercer os seus dereitos de Acceso, Supresión, Rectificación, Limitación do tratamento, Portabilidade dos datos e Oposición reconecidos na normativa de protección de datos. Para exercer os seus dereitos non ten máis que realizar unha solicitude por escrito a CONCELLO DE RIBEIRA - PRAZA DO CONCELLO, S/N, 15960 - RIBEIRA (A CORUÑA) ou na Sede Electrónica Municipal (https://sede.ribeira.gal), todo iso sen prexuízo do dereito a presentar a oportuna reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).



INSTRUCCIÓNS

As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento para débedas de ata 30.000 euros dirixiranse á Tesouraría municipal presentándose no Rexistro municipal de entrada ou Sede Electrónica Municipal (<https://sede.ribeira.gal/>).

A. DÉBEDAS QUE PODERÁN SER OBXECTO DE SOLICITUDE DE APRAZAMENTO/FRACCIONAMENTO

- a) Débedas en período executivo, (todas aquelas na que finalizou ou período voluntario de pago das liquidacións ou no seu caso de presentación de autoliquidacións): Neste suposto, **a solicitude obrigatoriamente deberá comprender tódalas débedas** tributarias e demais de dereito público das que sexa suxeito pasivo ou obrigado ao pago a persoa ou entidade solicitante.
- b) Débedas en período voluntario: as débedas que se solicite aprazar ou fraccionar.

B. DÉBEDAS QUE NON PODERÁN SER OBXECTO DE SOLICITUDE DE APRAZAMENTO/FRACCIONAMENTO

- a) En período voluntario nos seguintes supostos:
- a.1.- Autoliquidacións ou liquidacións que foran fraccionadas conforme ao disposto na ordenanza reguladora do tributo ou ingreso público en cuestión, un cando se tivera concedido un aprazamento ou fraccionamento previo dos previstos con carácter xenérico pola Administración Municipal.
 - a.2.- Recibos acollidos ao sistema de pago especial.
 - a.3.- Débedas de importe inferior a 300 euros.
 - a.4.- Débedas suspendidas cando recaera sentenza firme en contra.
 - a.5.- Débedas por sancións derivadas de infraccións en materia de tráfico.
- b) En período executivo nos seguintes supostos:
- b.1.- Cando o conxunto das débedas incluídas no expediente executivo teñan un importe inferior a 300 euros.
 - b.2.- Para débedas suspendidas cando recaera sentenza firme en contra.
 - b.3.- Cando no procedemento executivo se teña notificado o acto administrativo polo que se acorda o alleamento dos bens embargados.

C. PRAZOS PARA PRESENTAR SOLICITUDES

As solicitudes de aprazamento ou fraccionamento dirixiranse á Tesouraría municipal para a súa tramitación dentro dos prazos seguintes:

- a) **Débedas que se atopan en período voluntario de ingreso ou de presentación das correspondentes autoliquidacións**: dentro do prazo fixado para o ingreso no artigo 62.1, 2 e 3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, ou na normativa específica. Para estes efectos, no caso de débedas resultantes de autoliquidacións presentadas fóra de prazo, só se entenderá que a solicitude se presenta en período voluntario cando a solicitude de aprazamento ou fraccionamento preséntese xunto coa autoliquidación extemporánea.
- b) **Débedas que se atopan en período executivo**: en calquera momento anterior á notificación do acordo de alleamento dos bens.

D. DOCUMENTACIÓN NECESARIA PARA ADXUNTAR Á SOLICITUDE

- a) **Certificado de número de conta (IBAN) dunha conta corrente de titularidade do debedor de entidade financeira con sucursal aberta no termo municipal**, en onde se deba efectuar o cargo en conta, xa que a concesión require que o solicitante domicilie o pago da débeda ou das sucesivas fraccións.
- b) Para aquelas débedas de contía superior a 12.000 euros ou 2.000 no suposto de que o solicitante incumprise o plan de pagos aprobado na concesión de anteriores aprazamentos e fraccionamentos concedidos nos últimos catro anos, **Compromiso asinado pola Entidade que prestará a garantía en forma de aval ou seguro de caución segundo modelo aprobado polo concello**, ou no seu caso detallar a garantía ou medida cautelar que se ofrece en substitución do anterior, ou, no seu defecto, xustificación da imposibilidade de constituir garantía.
- c) No caso de presentar a solicitude en nome de outra persoa, **a acreditación da representación** mediante:
- a. Poder notarial.
 - b. Documento privado de outorgamento de representación asinado polo representante e o representado (poderá obter un modelo na páxina web municipal no apartado: <https://www.ribeira.gal/es/outros-impresos>).
 - c. No suposto de persoas xurídicas, copia dos Estatutos ou Escrituras de constitución ou modificación nos que se recolla a identidade dos representantes.

E. PRAZO MÍNIMO DE CONCESIÓN

O prazo mínimo de duración será de tres (3) meses para os aprazamentos ou de tres (3) fraccións mensuais para os fraccionamentos.

F. PRAZOS MÁXIMOS DE CONCESIÓN

Os prazos máximos de duración serán os seguintes:

a) Aprazamentos:

- 1) De débedas de ata tres mil euros (3.000,00 €): seis (6) meses.
- 2) De débedas superiores a tres mil euros (3.000,00 €) sen obriga de achegar garantía ou con dispensa total ou parcial de achegala: doce (12) meses.
- 3) Con garantía: vinte catro (24) meses.

b) Fraccionamentos:

- 1) De débedas de ata tres mil euros (3.000,00 €): doce (12) fraccións.
- 2) De débedas superiores a tres mil euros (3.000,00 €) e que non superen os doce mil euros (12.000,00 €): vinte catro (24) fraccións.
- 3) De débedas superiores a doce mil euros (12.000,00 €): trinta e seis (36) fraccións. Se contasen con garantía: sesenta (60) fraccións.

G. IMPORTES E FORMAS DE PAGO

As cantidades aprazadas, excluído, no seu caso, o recargo de constrinximento, devindicarán xuros de mora polo tempo que dure o aprazamento ou o fraccionamento e o tipo fixado na Lei de Orzamentos xerais do Estado.

Os vencementos, que nos fraccionamentos terán **periodicidade mensual**, produciranse en día vinte (20) ou inmediato hábil posterior. Os cargos na conta bancaria realizaranse o día cinco (5) ou seguinte hábil posterior, dos meses seguinte ao dos correspondentes vencementos.

AVISO IMPORTANTE: A devolución dos cargos en conta, calquera que sexa o motivo, suporá o incumprimento do acordo de concesión e por conseguinte, suporá a extinción do acordo de concesión de aprazamento/fraccionamento segundo se dispoña na resolución de concesión, cos efectos previstos no artigo 54 do Regulamento Xeral de Recadación.